

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo, informa o seguinte:

1º.- Que o 20 de outubro de 1945, o Concello de Samos tomou o Acordo de adherirse ó Consorcio subscrito polo Patrimonio Forestal do Estado e a Excm. Deputación Provincial de Lugo co monte “ORIBIO E BRAÑA”, LU-2023, de 499 ha. de superficie.

2º.- Que a sentenza da Audiencia Territorial da Coruña, do 24 de febreiro de 1968, confirmou a do Xulgado de Lugo do 30 de xuño de 1965, recoñecendo de propiedade privada de veciños de San Cristobal de Lózara, San Juan de Lózara e Nande 292 ha. das incluídas no Consorcio do devandito monte, co que a súa superficie pasou a ser de 207 ha.

3º.- Que o 25 de maio de 1976, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común tomou o Acordo de clasificar como tal o denominado “DE TOCA”, pertencente á Comunidade integrada polos veciños do lugar de Toca, parroquia de Renche, municipio de Samos. Publicado o devandito Acordo no BOP, nº 282, do xoves 9 de decembro do mesmo ano, non se presentou nin interpuxo recurso ningún contra el, polo que é firme.

4º.- Que o 23 de xuño do ano en curso, a Xunta Rectora da Comunidade de Toca, conforme co acordado pola mesma reunida en Asemblea Xeral realizada o 1 do pasado mes de febreiro, acordou á súa vez:

- aproba-las Bases dun Convenio a subscribir coa Consellería de Medio Ambiente para as 27 ha. do monte da súa pertenza “DE TOCA”, incluídas no Consorcio do monte “ORIBIO E BRAÑA”.
- solicitar da Consellería de Medio Ambiente que o Convenio, na parte que lle afecta, anulase e substituíse ó Consorcio do monte “ORIBIO E BRAÑA”, LU-2023.
- Autoriza-lo seu Presidente para a sinatura do Convenio.

5º.- Que, en consecuencia, o monte “DE TOCA” queda constituído por:

27 ha. do monte “ORIBIO E BRAÑA”, LU-2023.

6º.- Que o Convenio ten por obxecto a incorporación do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior, a conservación e tratamento selvícola das masas creadas, o seu aproveitamento e a execución das obras e traballos complementarios e auxiliares, concordantes cos fins anteriormente expostos.

7º.- Que as superficies do monte “ORIBIO E BRAÑA”, eran:

superficie total	499 ha.
superficie repoboada	407 ha.
superficie rasa forestal	85 ha.
superficie inforestal	7 ha.

Como en cumprimento das Sentencias antes aludidas se cancelou o Consorcio de:

superficie total	292 ha.
superficie reboada	203 ha.
superficie rasa	85 ha.
superficie inforestal	4 ha.

as actuais son:

superficie total	207 ha.
superficie repoboada	204 ha.
superficie inforestal	3 ha.

Ó monte “DE TOCA” pasan:

superficie total	27 ha.
superficie repoboada	27 ha.

8º.- Gastos por traballos e ingresos do monte “ORIBIO E BRAÑA”, LU-2023

a) Gastos por traballos.

Ó 31-12-1998 2.838.817.-ptas.

Cancelados polas sentencias do Xulgado de Lugo e Audiencia Territorial da Coruña:

$\frac{203 \text{ ha.} \times 2.838.817.-\text{ptas.}}{407 \text{ ha.}}$ 1.415.921.-ptas.

saldo actual 1.422.896.-ptas.

ó 31-12-1976, ano en que se clasificou como veciñal
en man común a parte do monte pertencente á
Comunidade de Toca

2.838.817.-ptas.

A ter en conta segundo a Disposición Adicional Segunda da Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro:

$\frac{27 \text{ ha.} \times 1.422.896}{204 \text{ ha.}}$	$-\frac{27 \text{ ha.} \times 2.838.817}{407 \text{ ha.}}$	$-\text{ptas.}$
---	--	-----------------

b) Ingresos

ó 31-12-1998:

Administración:-----

Excma. Deputación:-----

Total: -----

Cancelados polas sentencias do Xulgado de Lugo e Audiencia Territorial da Coruña.

Saldo actual:-----

9º.- Que os gastos que por traballos, administración e gardería, así como os ingresos, que das contas do Consorcio do monte "ORIBIO E BRAÑA", LU-2023, pasan á do Convenio do monte "DE TOCA", son:

a) GASTOS

Traballos:-----

Administración: $\frac{7,85}{100} \times 0.-\text{ptas.}$

Gardería: 27 ha. x 1.075.-ptas./ha.

TOTAL GASTOS

29.025.-ptas.

29.025.-ptas.

b) INGRESOS

TOTAL INGRESOS

10º.- Que a conta do Convenio do monte "DE TOCA" se abrirá cun saldo de:

29.025.-ptas.

Por todo isto, propoñemos:

PRIMEIRO.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome do monte: “DE TOCA”.

Elenco: 2715898.

Superficie: 27 ha.

Pertenza: Comunidade de Toca.

Termo municipal: Samos.

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo: 50%

Xuro sobre o anticipo: 1%

Participación da Comunidade no voo creado: 70%

Participación da Consellería no voo creado: 30%

SEGUNDO.- Que a conta de gastos do Convenio do monte “DE TOCA”, 2715898, se abra cun saldo de 29.025.-ptas., sen prexuízo dos gastos e ingresos que poidan te-las contas do Consorcio do monte “ORIBIO E BRAÑA”, LU-2023, con posterioridade á data do seu pechamento.

TERCEIRO.- Que no sucesivo as características do monte “ORIBIO E BRAÑA”, LU-2023, sexan as seguintes:

Nome do monte: “ORIBIO E BRAÑA”.

Elenco: LU-2023.

Superficie: 180 ha.

Pertenza: Parroquias de Renche e outras.

Termo municipal: Samos.


CUARTO.- Que por pasar á conta do Convenio do monte “DE TOCA”, 2715898, das contas do Consorcio do monte “ORIBIO E BRAÑA”, LU-2023, se restan as seguintes cantidades:

Gastos: 27 ha. x 1.422.896.-ptas.
204 ha.

188.324.-ptas.

Ingresos: 27 ha. x 0.-ptas.
204 ha.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 1999
O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES
E INDUSTRIAS FORESTAIS,



Asdo.: Plácido Baamonde López.

VISTO E PRACE
O DIRECTOR XERAL



Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas.


EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE.

Visto o expediente para a aprobación do Convenio do Monte Veciñal en Man Común "De Toca", pertencente á Comunidade integrada polos veciños do lugar de Toca, parroquia de Renche, municipio de Samos, que se integra con 27 ha. da súa pertenza inluídas no Consorcio do Monte "Oribio e Braña", LU-2023, e á vista dos informes favorables emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes e Industrias Forestais de Lugo, esta Sección Xurídica entende que procede aproba-lo Convenio do Monte en Man Común "De Toca", así como as novas características do monte "Oribio e Braña", LU-2023 nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, e ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma, ó artigo 57 do devandito Real Decreto, así como a Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 1999

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA



Asdo.  Nuria Rodríguez Canabal.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola súa Sección Xurídica e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo,

R E S O L V O:

PRIMEIRO.- Aprobar o Convenio das seguintes características:

Nome do monte: “DE TOCA”.

Elenco: 2715898.

Superficie: 27 Ha.

Pertenza: Comunidade de Toca.

Termo municipal: Samos.

A contabilizar como subvención: 50%

A contabilizar como anticipo: 50%

Xuro sobre o anticipo: 1%

Participación da Comunidade no voo creado: 70%

Participación da Consellería no voo creado: 30%

SEGUNDO.- Que a conta de gastos do Convenio do monte “DE TOCA”, 2715898, se abra cun saldo de 29.025.-ptas., sen prexuízo dos gastos e ingresos que poidan te-las contas do Consorcio do monte “ORIBIO E BRAÑA”, LU-2023, con posterioridade á data do seu pechamento.

TERCEIRO.- Que no sucesivo as características do monte “ORIBIO E BRAÑA”, LU-2023, sexan as seguintes:

Nome do monte: “ORIBIO E BRAÑA”.

Elenco: LU-2023.

Superficie: 180 ha.

Pertenza: Parroquias de Renche e outras.

Termo municipal: Samos.

CUARTO.- Que por pasar á conta do Convenio do monte “DE TOCA”, 2715898, das contas do Consorcio do monte “ORIBIO E BRAÑA”, LU-2023, se restan as seguintes cantidades:

Gastos: 188.324.-ptas.

Ingresos: -----

Contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de reposición con carácter potestativo perante o Conselleiro de Medio Ambiente no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 107, 109, 116 e 117 da Lei 4/99 de modificación da Lei 30/92, do 26 de novembro do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/98 de 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-administrativa, ou exercitar calquera outro que estime pertinente.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 1999.

O CONSELLEIRO
(POR ORDE DO 12-01-98)
O SECRETARIO XERAL,

Asdo: José Luis Abal García-Tuñón.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.

C O N V E N I O

N.º	271	5898
-----	-----	------

En Santiago de Compostela, a Vinteito de setembro de mil novecentos noventa e nove.

R E U N I D O S

Dunha banda, D. CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ, Conselleiro de Medio Ambiente, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. BENXAMIN BALBOA CERREIJO como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común "DE TOCA", segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

O abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, do 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279178, do 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69184, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.- O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do 20 de outubro de 1.945 para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.- Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a Comunidade integrada po-los veciños do lugar de Toca, parroquia de Ronche, termo municipal de Sanos

e son os que a continuación se describen:

Denominación: "DE TOCA"

Termo municipal: Sanos

Provincia: LUGO

Situación administrativa e legal: **Monte en man común, pertencente a la Comunidade integrada po-los veciños do lugar de Toca, parroquia de Renche, termo municipal de Samos.**

Límites:

N.: **Monte "ORIBIO Y BRAÑA", LU-2023;**

S.: **Monte da Comunidade de Gundriz;**

S.: **Monte da Comunidade de San Cristobo de Louzara e**

O.: **Mais monte da Comunidade de Toca.**

Superficie: **27 (VINTESETE) Hás.**

Estado forestal: **27 (VINTESETE) Hás. repoboadas.**

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: **---**

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: **27 (VINTESETE) Hás.**

Sen vexetación arbórea: Servidumes: **---**

3ª.- O chan continuará pertencendo a **Comunidade integrada po-los veciños do lugar de Toca, parroquia de Renche, termo municipal de Samos**

que achega ó convenio:

- A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- Os terreos descritos na cláusula segunda.
- O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.- A Consellería de Medio Ambiente aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o **cincoenta** por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante **cincoenta** por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do **un** por cento anual.

5ª.- Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Medio Ambiente, e os ingresos desta consideraranse anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: **27 Hás. do monte "ORIBIO Y BRAÑA", LU-2023.**

6ª.- As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Medio Ambiente.

7ª.- Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o trinta por cento será para a Consellería de Medio Ambiente, e o setenta por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Medio Ambiente recibirá o - por cento, e a comunidade propietaria, o - por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Medio Ambiente excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.- En caso de incendio, a Consellería de Medio Ambiente procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.- o presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Medio Ambiente, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Medio Ambiente asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administra tivo, será inscribible no Rexistro da Propiedade.

10ª.- A duración deste convenio será por un período de cincoenta anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería Medio Ambiente, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que subistentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Medio Ambiente se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Medio Ambiente do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.- Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Medio Ambiente, se esta o precisar.

12ª.- A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será Como o monte está queimado, repoboarase con P. sylvestris.

13ª.- O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Medio Ambiente interpretará e resolverá todas as cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don JESÚS NÚÑEZ FERNÁNDEZ en funcións de _____, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.—Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común " DE TOCA ", pertencente ós veciños do lugar de Toca, parroquia de Renche, concello de SAMOS - Rexistrados co número 0276 e coa data do 28-02-1992.

2.—Que, así mesmo, figura Don BENJAMÍN BALBOA CEREIJO, e Don SENÉN CAMPO VEIGA, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, deica (elixida o 17-04-1998)

E para que conste, expido a presente certificación en Lugo a 30 de xuño de 1999.



Don SENÉN CAMPO VEIGA, Secretario da Comunidade de Toca, termo municipal de Samos.

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 1 de Febreiro de 1.999 estando designado Don BENJAMÍN BALBOA CEREIJO, Presidente representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Toca (Samos)

a vintetrés de Xuño de mil novecentos noventa e nove.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

PRESIDENTE,

O _____

Asdo.: Benxamín Balboa Cereiño.

Asdo.: Senén Campo Veiga.

Don TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade as bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,

Pola Consellería de Medio Ambiente
O CONSELLERO

Asd.: Benxamín Balboa Cereiño.



D. Benjamín Balboa Cereijo
D. Senén Campo Veiga
D. José Luis Regueiro Pombo
D. José Luis ABAD Vilela
D. Antonio Mapezo Casarello
D. Manuel López Rodríguez
D. Manuel Vázquez Macía

En el lugar de Toca, parroquia de Renche, municipio de Samos, siendo las once horas del día 23 de Junio de 1.999, se reúnen los vecinos que integran la Junta Rectora de la Comunidad de Montes de Toca.

Conforme con lo acordado por la Comunidad, en Asamblea General celebrada el 1 de Febrero del año en curso, acuerdan a su vez:

1º.- Aprobar las Bases de un Convenio a establecer con la Consellería de Medio Ambiente, en el que se incluyan las 27 Hás. del monte en mano común de su pertenencia "DE TOCA", que actualmente forman parte del "ORIBIO Y BRAÑA", LU-2023, consorciado por el Ayuntamiento de Samos y el Patrimonio Forestal del Estado, a través de la Excm. Diputación Provincial de Lugo, con lo que las características del monte a conveniar, son:

Nombre: "DE TOCA".

Superficie: 27 Hás.

Límites:

N.- Monte "ORIBIO Y BRAÑA", LU-2023;

E.- Monte de la Comunidad de Gundriz;

S.- Monte de la Comunidad de San Cristobal de Louzara y

O.- Más monte de la Comunidad de Toca.

2º.- Solicitar de la Consellería que el Convenio, en la parte que le afecta, anule y sustituya al Consorcio del monte "ORIBIO Y BRAÑA", LU-2023.

3º.- Autorizar a su Presidente para la firma del Convenio.

Y no habiendo mas asuntos que tratar, se cierra la presente Acta en el lugar y fecha al principio indicados, firmando de conformidad.

